

MANIFESTO: SOMOS UNHA NACIÓN. TEMOS DEREITOS. FAGAMOS OUVIR A NOSA VOZ

Galiza vive unha situación de emerxencia nacional. Nas últimas décadas asistimos á crise de sectores económicos estratéxicos até o punto de correremos o risco de ficar sen base económica propia. Acentuouse a deterioración da nosa lingua, da nosa cultura, do noso territorio; unha boa parte da nosa mocidade viuse obrigada a emigrar, máis unha vez como nas peores etapas da nosa historia, agravando o noso devalo demográfico e o avellentamento da poboación..., coas graves implicacións económicas e sociais que isto ten. **A propia supervivencia de Galiza como país está ameazada.**

unha boa parte da nosa mocidade viuse obrigada a emigrar, máis unha vez como nas peores etapas da nosa historia

Entre as causas desta situación, sen dúbida, están as políticas practicadas polos Gobernos do Estado e da Xunta de Galiza. Mais hai unha segunda razón non menos importante: as propias limitacións do marco autonómico, acentuadas por unha deriva recentralizadora que anulou a posibilidade de desenvolver, en exercicio do noso autogoberno, políticas que atendan ás nosas necesidades en todos os planos da vida.

Os galegos e as galegas non podemos decidir sobre sectores chave da nosa economía, nin sobre outras cuestións esenciais para o noso benestar e progreso colectivo, sexa o destino do noso aforro ou do diñeiro dos nosos impostos, o aproveitamento en beneficio propio dos nosos recursos enerxéticos, a forma de organizar a nosa estrutura territorial, a promoción efectiva da nosa lingua e da nosa cultura ou o xeito de xestionar infraestruturas básicas para a vertebración interna do país. O paradoxo é que, **tras máis de 35 anos de autonomía política formal, Galiza é un país máis subordinado e dependente**, cando necesita máis que ninguén liberarse do espolio dos seus recursos e gañar espazos de liberdade.

Os galegos e as galegas non podemos decidir sobre sectores chave da nosa economía, nin sobre outras cuestións esenciais para o noso benestar e progreso colectivo

Vivimos tempos cruciais. O modelo resultante da Constitución española de 1978 e do Estatuto de Autonomía de Galiza de 1981 presenta claros síntomas de esgotamento. No conxunto do Estado español o recoñecemento da existencia de distintas nacións e dos dereitos colectivos que lle son propios é hoxe, novamente e con enorme vigor, unha cuestión central do debate político e social. Un escenario que máis cedo que tarde vai desembocar nun novo marco, nun modelo novo, pois non hai modelo que poida sobrevivir recorrendo á forza para conter as arelas de liberdade.

o recoñecemento da existencia de distintas nacións e dos dereitos colectivos que lle son propios é hoxe, novamente e con enorme vigor, unha cuestión central do debate político e social.

Vivimos tempos cruciais, e como pobo temos que facer ouvir a nosa voz para evitar unha posición subalterna. Como pobo soubemos autoorganizarnos e defender o país fronte á catástrofe do Prestige e dun Goberno que nos desatendeu e intentou tripar a nosa dignidade. Como pobo volvemos facelo, facendo fronte aos incendios forestais e tamén ás políticas incendiarias que converteron o noso chan nunha polvoreira. Como pobo debemos unirnos como unha soa voz reivindicando o noso dereito a un futuro próspero, no que desde o país se administren os nosos recursos en favor da maioría social e o seu benestar.

Como pobo debemos unirnos como unha soa voz reivindicando o noso dereito a un futuro próspero

As Fundacións promotoras deste manifesto, ás que se suman todas e cada unha das entidades aquí relacionadas, conscientes de que a defensa de Galiza nestes tempos cruciais require dun movemento social que vaia alén das lexítimas opcións políticas partidarias, facemos un apelo a organizacións sociais e colectivos cívicos de todo tipo para conformar, en réxime de autoconvocatoria, unha ampla Iniciativa Social en defensa do País, asentada nos seguintes principios:

Galiza é unha nación e o pobo galego un suxeito político diferenciado titular de dereitos colectivos (recoñecida como nación desde 1933 polo IX Congreso de Nacionalidades Europeas, adscrito á Sociedade de Nacións).

Galiza é unha nación e o pobo galego un suxeito político diferenciado titular de dereitos colectivos

O pobo galego ten dereito á autodeterminación, isto é, ten dereito a decidir libremente a súa propia forma de goberno, procurar o seu desenvolvemento económico, social e cultural, estruturándose, sen inxerencias alleas, e de acordo co principio de igualdade.

Galiza, novembro de 2017

<http://viagalega.gal/somos-unha-nacion-fagamos-ouvir-a-nosa-voz>
http://viagalega.gal/archivos/220#planso_forms_206_1